

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN, SESIÓN: 14 DE ABRIL DE 2008

Sendo as dez horas e quince minutos do día catorce de abril de dous mil oito, na Sala de Xuntas de Concellaría de Persoal, reúnese a Mesa Xeral de Negociación do Excmo. Concello da Coruña, asistindo esta,

Por parte da Administración Municipal:

- Dona Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira Delegada de Persoal, como Presidenta.
- Don Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior.
- Dona Loreto Díaz Sánchez, Xefe de Servizo de Persoal.
- Dona Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de RR.Hh, que actúa como secretario.

Por parte das Seccións Sindicais comparecen:

- Dona Mariña Lorenzo Fernández (CC.OO.)
- Don Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- Don Roberto Tizón Miguéns (CIG)
- Don Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Como asesores das Seccións Sindicais:

- Don Alfonso Ben Otero (CC.OO.)
- Don Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- Don Javier Hermida Gayubas
- D. Gabriel Rodríguez Gutierrez (CIG)
- Don Manuel López Roibás (UGT)
- Don José Ángel Varela Moure (UGT)

Por parte da Sra. Presidenta declárase aberta a sesión.

- A Sra. Presidenta manifesta que como primeiro punto se vai tratar o tema das lapelas de quendas na Policía Local. A proposta sindical enviouse o venres. Neste sentido, a haxa presente D. German Lago López, Director de Seguridade Cidadá, ao obxecto de aclarar dúbidas e de explicar a proposta municipal que se elaborou a partir da Mesa Técnica de Policía Local, o cal fai a continuación.

O representante de CIG manifesta que non está de acordo coa formulación que se recolle na proposta municipal.

O representante de UGT manifesta que existe un erro na formulación, posto que parte do Acordo Regulador do ano 92 cando o devandito acordo está derogado polo Acordo de Disponibilidade do ano 98.

A representante de CC.OO. di que non está de acordo coa formulación posto que existe un artigo tanto no convenio colectivo coma no acordo regulador que se refire á xornada diaria. Segundo o acordo de Disponibilidade do ano 98, cada quenda da Policía Local facía un cuarto de hora de exceso de xornada.

O representante de CSI-CSIF expón que durante anos na Policía Local non se gozou das 40 horas de formación, nin da redución da xornada de verán nin doutras cuestións porque non se deron. Tampouco teñen a semana que se lles debe por traballar cinco días seguidos.

D. Juan Manuel Díaz Villoslada explica que os calculos da proposta parten de que cada quenda xera un exceso de xornada a partir da referencia de 1.508 horas, que establece o convenio. Para non acudir a este exceso ou defecto de xornada nalgunhas quendas, partimos da existencia de quince minutos de lapela de quendas.

O representante de CSI-CSIF contesta que esta medida é provisional á espera dos novos horarios e quendas que se recollan no novo acordo regulador.

A Presidenta pregunta se se pode chegar a un acordo. Neste sentido, tras as deliberacións correspondentes, apróbase por unanimidade o acordo polo cal se recoñecerán 67,10 horas anuais realizadas, correspondentes ao período abranguido entre novembro de 2007 e novembro de 2008, en concepto de exceso de xornada, lapelas no cambio correspondente e por todos aqueles conceptos compensatorios derivados de acordos previos. Na nomina do mes de maio procederase ao abono da parte proporcional correspondente ao período comprendido entre o 1 de novembro e o 30 de abril. O exceso horario que se produza dende o mes de maio ata a implantación do cambio de quendas aboarase na nómina do mes seguinte ao establecemento do novo sistema de quendas.

- A Sra. Presidenta acorda pasar ao asunto da proposta de acordo de Formación de Bombeiros.

A Presidenta di que esperan resposta das distintas Seccións á proposta presentada na Mesa anterior.

O asesor de CIG manifesta que non están conformes coa devandita proposta, pola seguinte cuestión: O tema do valor das horas. Queren que a compensación sexa o valor da hora extra dobre, non están de acordo na distinción de 1 hora e media para a formación e de 2 horas para o caso da substitución. Reitera que se non hai hora dobre, non hai acordo. O representante da CIG manifesta que comunicará ao colectivo afectado a proposta formulada e se dará resposta. Tamén pide que se lle informe dos Convenios asinados con Inditex e Air Liquide.

O asesor de CC.OO. di que a forma de pechar o acordo é modificar o punto 11 da proposta, é dicir, non aceptan a forma de compensación económica proposta.

O representante de UGT tamien manifesta que non aceptan nin as 12 horas nin a compensación económica.

O representante de CSI-CSIF pregunta se hai algun punto intermedio para chegar a un acordo, posto que se leva meses discutindo este asunto.

D. Juan Manuel Díaz Villoslada manifesta que o goberno municipal se reafirma na súa proposta e que esta se estudará polos sindicatos.

- Por último, os representantes de CSI-CSIF e UGT formulan unha cuestión engadida ás anteriores sobre o concepto compensatorio nos cabos e sarxentos da Policía Local. A cuestión formulada é que os cabos e sarxentos da Policía Local teñen un exceso horario de quince minutos máis que os policías.

Unha vez discutido a formulación formulada pola CSI-CSIF e UGT, apróbase por unanimidade recoñecer 67,10 horas/anuais realizadas, correspondentes ao período comprendido entre novembro de 2007 e novembro de 2008, en concepto de exceso de xornada, lapelas no cambio correspondente e por todos aqueles conceptos compensatorios derivados de acordos previos.

Este recoñecemento afectará aos Policías, Cabos e Sarxentos, tendo en conta que os Cabos e Sarxentos teñen un exceso horario de quince minutos mais que o resto por quenda.

As cantidades compensatorias que resulten deste acordo aboaranse do seguinte xeito:

- Na nómina do mes de maio de 2008, procederase ao abono da parte proporcional das 67,10 horas/anuais realizadas, correspondente ao período comprendido entre o 1 de novembro e o 30 de abril.
- O exceso horario que se produza dende o mes de maio ata a implantación do cambio de quendas aboarase na nómina do mes seguinte ao establecemento do novo sistema de quendas.
- O valor desta compensación é o prezo vixente para os servizos extraordinarios, segundo o grupo de titulación ao que se pertenza.

Para finalizar, fixase unha nova data para a devandeira sesión da Mesa de Negociación, que será o vindeiro xoves, día 24 de abril, remitíndose con anterioridade a orde do día.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as once horas e corenta e cinco minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, da que eu, secretario, dou fe.